

ABONO Nº1

BÉLA BARTÓK E GUSTAV HOLST

«Durante moito tempo, deiteime cedo». Así comeza unha das novelas esenciais do s. XX, «Á busca do tempo perdido», de M. Proust. Como insinuaba E. Vila-Matas nun artigo, os bos inicios de novela son obxecto de coleccionista: dende «Cen anos de soidade» a «Anna Karenina», dende «A señora Dalloway» a «Os fermosos anos do castigo»...

E os inicios das obras musicais? Non menos memorábeis: a todos nos reverberan os da 5ª de Beethoven e «O Paxaro de Lume», e xa nos parecen herdanza por ADN «A Primavera» de Vivaldi ou «Así falou Zaratustra», de Strauss.

Para despuntar esta tempada 2016/2017, no seu 25º Aniversario, a OSG fainos conter o alento ante dous principios de impacto: Béla Bartok e a súa arpa alfombrando os pasos misteriosos dun violín maxi, e o potente *tempo* do Marte de Holst, que algúns quixeron ver como un avó da marcha imperial de Darth Vader, en «Star Wars». *Incipit* para o recordo. Anecdoticamente, ambos músicos, Bartók e Holst, deron nome a cadanseus cráteres de impacto en Mercurio. Despegamos!

BÉLA BARTÓK (1881-1945)

Concerto para violín nº 2 BB 117 (1938)

- 1.-*Allegro non troppo*
- 2.-*Andante tranquillo*
- 3.-*Allegro molto*

Contra o que puidese parecer, Béla Bartók non tocaba o violín. E que curioso: un violín escrito por Bartók, o seu fraseo, a *cadenza*, resultan inconfundíbeis. Potencia acentos, rabuños, harmónicos, ronroneos, taconazos e laios. Ata deu nome a un *pizzicato*, o «pizzicato Bartók»: corda que golpea a madeira case coma unha maza.

Coma os grandes físicos teóricos da súa época (Einstein, Dirac), que deduciron matematicamente o movemento do cosmos antes de obteren evidencias empíricas, o mestre húngaro *deducía* os artellos máxicos do violín mesmo que non o tocase. De feito, a espiña dorsal da súa obra é de corda: desde os sublimes 6 Cuartetos até a Sonata para violín.

Ou as obras desta época: en 1936, o compositor estreaba «Música para Corda, Percusión e Celesta» e ao ano seguinte esboza este concerto. Cara a 1937 a

cousa non pintaba confortábel en Centroeuropa. A moitos artistas, el incluído, téntaos a idea de emigrar. Bartók marchará a EEUU en 1940, pero antes contaría con apoios como o de P. Sacher (mecenas e director suízo) ou Zoltán Székely, mozo virtuoso do violín e amigo, xusto quen lle encarga esta obra. Daquela descoñecía-se un concerto previo para violín e xulgouse o primeiro de Bartók.

Ao comezo do *Allegro non troppo*, arpa, trompa e *pizzicato* de cordas lévannos no bico dos pés por unha paisaxe intrigante onde o violín xirará coma unha bengala, cun aquel de folklore húngaro sen selo exactamente. O primeiro tema é rapsódico, diatónico. Os seus días máis felices como músico, aseguraba Bartók, foron aqueles polas aldeas perdidas da Romanía, Hungría...apañando melodías populares. Nótase.

No segundo tema, o músico Halsey Stevens creu percibir certo sarcasmo cara ao dodecafonismo de Schönberg, tras unha pasaxe de 12 notas que tiran do cromatismo, mais non da atonalidade. Cando se regresa ao tema principal é con alivio, tras negociacións coa disonancia.

Un elexíaco *Andante tranquillo* ábrese camiño a lombos de arpa. *Cantabile* e sentidísimo, o orballo fosforescente de arpa potencia o seu compás irregular (9/8) e o posterior anticlímax chatolado de timbais. Seis variacións con paroleiras como a celesta, as cordas ou a frauta para terminar case en modo infantil, e co tema principal aguzado como unha daga (unha oitava máis alto).

O 3ro movemento en *Allegro molto* segue forma non de rondó senón de sonata termado polo pescozo unha melodía do 1ro movemento, que xa se serrou e esmiuzou. Agora recomponse nunha danza que pón a punta do pé no entusiasmo e o tacón no tremendismo percutivo; malia todo, non nos soa a recapitulación repetida, senón a aire de familia: outro ritmo pero mesmos xenes. Unha especie híbrida de *verbunkos* (xénero de danza atribuído aos xitanos) e obxecto de críticas agoirando que o estilo Bartók se debilitaba (volvíase conservador). Aínda que para outros críticos, a súa música era directamente infernal. Críticos...!

Infernal este concerto? Para escoller, hai dous finais: un, o matinado polo compositor e outro, con máis presenza do violín, á instancias de Székely: el estreou a obra en 1939. Dende aquela, a partitura paseou baixo os queixelos de Yehudi Menuhin, Viktoria Mullova, Kyung Wha Chung ou Pinchas Zuckerman, a maioría co final pedido por Székely.

GUSTAV HOLST (1874-1934)
Os Planetas, op. 32 (1914-1917)

Se quixeres que unha astrónoma/ou te odie para sempre, confúndeo cun astrólogo/a. Estas dúas pólas da curiosidade humana separáronse tantísimo desde o s. XVII que nas filas da astronomía figuran científicos como Carl Sagan, Jocelyn Bell ou S. Hawking e na da astroloxía... Aramis Fuster, Rappel... sigo?

A estas alturas da especie *sapiens* é evidente que a astroloxía, pese á súa popularidade, revelouse como superstición sen fundamento ningún. Nin sequera os signos do zodíaco coinciden coa posición das constelacións actuais. Así a todo, durante un tempo ciencia astronómica e pseudociencia astrolóxica case se solaparon, como alquimia e química, como mito e razón. Gallas dese tronco común quedan nos nomes dos planetas, sen ir máis lonxe.

No noso barrio solar, cara a 1914, había 8 planetas coñecidos. Plutón estaba aínda demasiado lonxe, nin se intuía sequera (descubriuse en 1930). Gustav Holst era daquela un tímido compositor británico, de ascendencia sueca, rusa e española, que estudara no London's Royal College of Music con Ch. Villiers Stanford, fixera íntimo de R. Vaughan Williams e enfrascárase en lecturas para as súas composicións: dende textos sánscritos do Rig Veda a cousas algo máis esotéricas, do tipo «Que é un horóscopo» e «A arte da síntese», do teósofo Alan Leo: xusto aí leu descrições sobre cada planeta.

Así que unha das obras máis influentes nas bandas sonoras da ciencia- ficción posterior, e un clásico dos planetarios do mundo todo, non perseguía un propósito científico senón místico-astrolóxico. De aí os epítetos que Holst utiliza para os planetas, asignando a cada un unha personalidade de arcano do tarot.

Malia que escoitada ao longo destes 100 anos en actividades de ciencia e música, documentais, usada pola NASA con imponentes imaxes espaciais... Holst deixáralo claro na *première* da Suite, no Queen's Hall de Londres, en 1920:

«É o significado astrolóxico dos planetas o que me suxeriu estas pezas; non hai música programática nelas, nin posúen conexión ningunha coas deidades homónimas da mitoloxía clásica. Se se procura unha guía para a música, o subtítulo de cada sección ha chegar abondo [...]. Por exemplo, Xúpiter trae alegría na súa acepción convencional, así como o tipo de xúbilo máis cerimonial asociado a relixións ou festividades nacionais. Saturno trae non só esmorecemento físico, senón unha visión de plenitude. Mercurio é o símbolo da mente.»

Así que nada de observación astronómica pola campiña inglesa na vida de Holst. Ata a súa filla, Imogen, revelou que o seu pai era tan curto de vista que apenas distinguía aos membros da súa familia. Como para distinguir Marte de Saturno! Foi o noso devezo animal por escoitar música das esferas, violencia planetaria, raios cósmicos, confíns do éter... ese devezo é o que reinterpretou estas 7 pezas como a foto familiar neste recuncho da Vía Láctea.

7 pezas, sen a Terra (demasiado preto) nin Plutón (demasiado lonxe). 7 planetas errantes (iso significa *planeta* en grego) e en estraña orde:

O implacábel **Marte, o que Trae a Guerra**. E máis desacougante non podía ser: compás de 5/4 coa orquesta martelando nunha cuase-marcha e as cordas *col legno* (frotando coa madeira do arco). E qué clímax aos 2 minutos de *ostinato*! Un *incipit* memorábel, redondo. O segundo tema, levado por cordas e caixa, segue o ton asoballante. Aínda por riba, Holst remachou este movemento semanas antes do asasinato do arquiduque Franz Ferdinand en Saraxevo, detonante da I Guerra Mundial: todo un vaticinio...

Esta peza foi «homenaxeada» en moitas bandas sonoras posteriores, desde Star Wars a Gladiator, pasando por King Crimson. O seu ímpeto contaxia, é unha apisoadora, e iso que os tanques se inventarían ao ano seguinte. E esa coda onde non hai quen tusa? Vaile de perlas á maxestosidade do *Olympus Mons*, no planeta Marte real: o volcán máis alto do sistema solar, cos seus 23 kms.

A tímida **Venus, a que Trae a Paz**. En realidade, o mito de Afrodita/Venus moi pacífico non é, pero aquí tratábase máis de contrapor este cadro ao vigor de Marte —Holst describía «Os Planetas» como «unha serie de cadros de estados anímicos» («a series of mood pictures»)—.

Con esa trompa ascendente e o contrapeso das madeiras, mergullámonos nun estado contemplativo, coma se a mismísima Venus de Botticelli xurdise da súa vreira (*venera* en latín, de Venus), cabeleira ao vento. Péchansevos os ollos. Violoncelos feéricos transpórtanvos á agradable temperatura do violín solista e do óboe. Celesta case de arrollo... Moi, moi lonxe do inferno de choiva aceda que é o auténtico planeta Venus, o que xira do revés, o do efecto invernadoiro. Nada pacífico e sen ningunha Venus que non sexa sulfúrica e torrada a 500 ° centígrados. Ironías planetarias.

Mercurio é un *scherzo*; o seu nome en clave é o **Mensaxeiro Alado**, o mesmo que para a mitoloxía romana: mensaxeiro dos deuses. E pasa nun dicir amén: veloz, polirrítmico como Puck, cos ventos levando a voz cantante até o trío central (violín, óboe e frauta, co subliñado da celesta) e unha pasaxe moi «scherezade». Paradoxo: o planeta Mercurio non vira tan veloz (rotación de 59

días terrestres) pero si foi moi activo, como testemuña a súa face cariada de cráteres (dous deles o Cráter Bartók e o Cráter Holst, como sinalamos antes).

Este «mood picture» funciona como un escintileo vertixinoso aos pés do todopoderoso **Xúpiter, o que Trae (ou o Portador de) a Alegría**, xusto deseguido.

Se non o mellor, si é o movemento máis popular, coas trompas abrindo paso a unha fanfarra festeira —era trombonista, Holst—. E a victoriana sección central, tan de pompa e circunstancia, da que mesmo se extractou un himno con letra: «I vow to thee, my country», que soou no funeral de Lady Di. Esta parte tan tradicionalmente inglesa remata nun acorde sen resolución para reenganchar os motivos de ledicia.

Coma se a Gran Mancha Vermella de Xúpiter tivese a súa tradución musical, neste caso xovial e non tormentosa. E «xovial» é tamén unha palabra emparentada con Iove (Xúpiter).

Chegamos ao guapo da banda: Saturno ao telescopio é unha das experiencias máis extraordinarias para os astrónomos. O único que non se ve como simple bóla, lémbra-nos a harmonía das formas aí arriba, por venenosas ou violentas que sexan. Pero para Holst, **Saturno** non é un belísimo xigante de gas dentro de aneis xeados senón **o que Trae a Vellez**. E, alén diso, o seu movemento preferido, o máis «stravinski».

Unha narrativa de metrónomo inexorábel inaugúraa (Saturno era en grego *Kronos*, o tempo, o que devora aos fillos) con contrabaixos que dan un punto fúnebre. E no entanto, o tema se curva coma se fose gañando en sabedoría ata as campás tubulares. A partir de aí é unha delicia, un mecanismo orgánico coma o reloxo do avó. Termina como o propio planeta Saturno: envolto en torques de neve estelar.

Urano, o Mago: un meigallo inicial de catro notas, con trompetas e trombóns, tralo que se diría que vai aparecer un vilán do cine mudo, e oímos un referente unánime: «O aprendiz de mago», de P. Dukas. E se cadra influíu á súa vez no *motto* feroz da 4ª sinfonía de Vaughan Williams. Este movemento é impredicíbel, entre sagaz e grotesco, metal arriba timbal abaixo. Pero xa estamos asignándolle personalidade a un coloso xélido, bautizado en honor ao ceo, Οὐρανός (Ouranos) en grego, e que tanta risa provoca en inglés (Uranus= your anus; como nos recordou anatomicamente Sheldon Cooper na serie «Big Bang Theory»).

Non hai final máis subxugante que ese pioneiro *fade-out* de **Neptuno, o Místico**, a outra esfera de gas azul onde choven diamantes, nun movemento raveliano que soa a un afastamento progresivo do universo coñecido: acordes coma ondas e unha celesta en modo interestelar. Oposto a Urano como o introvertido ao extrovertido, xoga cun coro debussyano, similar ao de «Sirènes», feminino, invisíbel tralo escenario, sen letra... unha evanescencia de helio e metano a 4.500 millóns de quilómetros do sol.

E Plutón? Foi destituído do cargo de planeta en 2006, seis anos despois da encarga a Colin Mathews de completar a Suite cunha peza para este plutoide, á que subtitulara **o Renovador**. Nunca unha partitura tivo tan pouca vixencia planetaria. Así éche o cosmos: enigmático e imperturbábel.

Como enigmático era o propio Gustav Holst, fuxindo da fama dos seus Planetas, pero condenado a ser coñecido e querido por eles *ad aeternum*. escoitar esta Suite na infancia é unha delicia, unha luminosa lembranza que mestura, seica só na imaxinación, música e astronomía, hemiolias e mundos xeados, fanfarras e radiación cósmica...

Estíbaliz Espinosa
14 de setembro, 2016